

ARTE

As paisaxes acuosas de Morquecho

Moitas culturas, sobre todo con influencia oriental, e moitos autores, entre os que se podería citar a Burke, encontren no escuro o sublime. Outros, ante o dilema de escoller entre a luz e as tebras, optan polo primeiro. O pintor pontevedrés José Ramón Morquecho é un deles. Pinta case coa luz, debido á claridade que desprenden cores secundarias como o verde, o amarelo, prateado ou glauco. Son cores conformadoras de contornos naturais habituais ás nosas latitudes, que orixinan formas globosas a poder de ondulacións suaves sobre as que se perde a vista.


Os visitantes da Galería Eme-C en Compostela, onde expón ata o 5 de decembro, percibirán unha acuosidade no lenzo non estraña ó noso clima, sen outras connotacións xeográficas ó que se supón unha paisaxe ecolóxica presumiblemente niño de abundantes organismos vivos.

Hai artistas indisolublemente unidos a un lugar. Mencionar a Monet é falar de Giverny. Ó recordala obra de Nolde vénnos á mente o seu xardín de Seebull. O predio de Morquecho *La Serena*, en Xan Xulián de Sales, en Vedra, a tiro de pedra de Compostela, está tan presente nos lenzos do pintor que praticamente o seu labor artístico non se entende sen el.

A este artista interésalle más toda a variedade de plantas leñosas que o leñoclorio floral que inundaba as composicións decimonónicas. O autor prescinde na súa obra tanto dos mosaicos florais como tamén do que os deseña, que é o ser humano. No seu lugar substitúeos por outras especies que considera más nobres como son as coníferas, debido á súa relativa autosuficiencia. Non necesitan moitos coidados e ademais reconfórtanlle o espírito sen esixirlle nada a cambio.

É tal a simbiose e integración co medio natural que Morquecho di que forma parte dunha paisaxe e que esta pola súa vez necesita do artista para vivir. Aquela vella dúbida sobre quién imita a quen, Natureza á Arte ou viceversa, vólvese formular nestes lenzos.

Nos escasos cadros exhibidos na citada galería percíbese a súa postura como unha especie de autobiografía.



Exposición de José Ramón Morquecho na Galería Eme-C en Santiago

Morquecho dedica longas xornadas ó paseo campestre e trata de representar toda a variedade de especies da vertente atlántica, aínda que ós espectadores só lles quede a lembranza dunha intuición. A paisaxe percíbese entre cores ainda que non se vexa tal cal. Ái está o quid da súa pintura.

Desde que o artista se decide pola natureza, alá polos anos 80, foi progresivamente caendo na abstracción. Na actualidade ten pouquísmo de figurativo. Son xa recordos aquelas antigas vistas de naturezas con base en longas pinceladas postimpressionistas, que conforman o esqueleto dunha pintura máis lixeira de materia que transparentaba o branco do fondo.

A súa obra recente afástase do opaco. Unha cor brillante ocupa o lenzo para remitirnos a experiencias mediterráneas traducidas no factor luz.

Cores vivas, alegres e luminosas conforman un escenario inventado. Unha árbore rosa é exemplo para demostrar que, más que obedecer a unha credibilidade naturista, procede dunha opción persoal, dun optimismo

na flor da pel que nunca abandona a Morquecho.

Os pintores luministas cargaban a natureza dun sentimento espiritual. Ó exotismo do trópico ou á inmensidáda da chaira americana enfróntase nunha natureza que, aínda sendo dunha topografía específica, ten máis de poética e nada de anecdótica ou cabida para o vulgar.

Admírase polo fermoso das formas sinxelas, reconfortantes, para nada fáctiles. Todo iso foi posible adentrándose neses pantanos, matogueiras e camiños que son su designio. Morquecho ve a natureza como algo propio.

A súa obra, que colga xa en moitas institucións e organismos públicos gallegos, ten máis relevancia fóra da nosa comunidade que na súa propia terra. Dá a impresión de que o autor prefire consagrarse no exterior antes que promocionarse en Galicia.

A súa presencia na cidade do Apóstolo hai que saudala con esperanza nun mes propicio para as reconciliacións.

Fátima Otero